

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 11.10.2019 Hora: 10:30

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 11 de outubro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Pregunta

- 1.1 55601 (10/POC-008772)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a opinión da Consellería do Mar respecto do proxecto de ampliación da depuradora situada na punta Abelleira, no concello de Muros, a solicitude á entidade promotora da correspondente tramitación ambiental e as actuacións previstas para evitar o seu impacto nos bancos marisqueiros
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 40165 (10/PNC-003241)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre a creación polo Goberno galego dunha liña de axudas destinada a dotar as embarcacións dos medios e tecnoloxías necesarias para mellorar o proceso de evisceración co fin de reducir o risco de contaxio por anisakis, así como a realización dunha campaña de promoción ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 386, do 21.11.2018
- 2.2 49352 (10/PNC-003996)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da modificación do acordo de pesca entre España en Portugal, co fin de prohibir a actividade das frotas española e portuguesa en augas de ambos os dous países nas fins de semana
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019
- 2.3 49732 (10/PNC-004025)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia
Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019

- 2.4 50677 (10/PNC-004089)
Grupo Parlamentario de En Marea
Miranda Pena, Flora María e 2 máis
Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lézez
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019
- 2.5 55226 (10/PNC-004388)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa determinación para o ano 2019 dos topes de captura da anchoa para as zonas VIIIc e IXa
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 2.6 55312 (10/PNC-004396)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co ditame emitido polo Consello Galego de Pesca en relación coa Proposta de regulamento do Parlamento e do Consello Europeo para o novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 2.7 55806 (10/PNC-004435)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co apresamento polas autoridades irlandesas do barco arrastreiro "Río Mau", con base no porto de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 538, do 27.09.2019
- 2.8 56325 (10/PNC-004475)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reapertura do Centro de Formación A Aixola, xestionado polo Centro Tecnolóxico do Mar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 540, do 02.10.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2019

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretaria

Paula Quinteiro Araújo

GCE

Vogais

Francisco Casal Vidal

M

Teresa Egerique Mosquera

P

Martín Fernández Prado

P

María Ángeles García Míguez

P

Patricia Otero Rodríguez

S

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Pregunta

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 55601(10/POC-008772)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión da Consellería do Mar respecto do proxecto de ampliación da depuradora situada na punta Abelleira, no concello de Muros, a solicitude á entidade promotora da correspondente tramitación ambiental e as actuacións previstas para evitar o seu impacto nos bancos marisqueiros

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:46:19
Nº Rexistro: 55601
Data envío: 12/09/2019 17:46:19.803

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, relativa ás medidas a tomar para evitar que a ampliación dunha depuradora no concello de Muros teña un impacto negativo sobre os bancos marisqueiros.

En Punta Abelleira no concello de Muros está ubicada unha depuradora dende hai arredor de 35 anos . Por parte da Dirección Xeral de Sostibilidade da Costa e do Mar do Ministerio de Agricultura e Pesca, alimentación e Medio Ambiente o 10.05.2018 emitíuse resolución na que se lle outorgou á entidade “Mariscos Antón Fernández” a concesión administrativa para a ocupación de 1.012,90 metros cadrados de dominio público marítimo-terrestre, con destino a tuberías de captación e vertido de auga de mar, reconstrución dunha rampla-embarcadoiro e legalización dunha franxa de terreos ganados ao mar que rodean a nave principal. Con data de 10 de maio de 2019 a mesma empresa solicita a modificación da concesión consistente na ampliación da zona de ocupación solicitada, pasando a mesma de 1.092,90 metros cadrados a 1.493,63.

Este proxecto de ampliación da depuradora está causando o rexeitamento d@s veciñ@s de Abelleira e do colectivo de mariscadoras/es polo seu temor ao

CSM - REVISTROOAm12x0m9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:46:19
Nº Registro: 55601
Data envío: 12/09/2019 17:46:19.803

impacto sobre as correntes e a actividade marisqueira da ampliación da rampla-embarcadeiro para convertelo nun peirao para barcos bateiros que precisaría dun importante dragado para levalo a cabo. Outro motivo de rexeitamento ben dado porque as pretensións de peche do espazo ganado ao mar que rodea a depuradora suporía a privatización dun espazo público e limitaría moito a servidume de paso da zona.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

É coñecedora a Consellaría do Mar deste proxecto de ampliación?

Que opinión lle merece?

Ten solicitado a entidade “Mariscos Antón Fernández” a tramitación ambiental correspondente para a ampliación mencionada? De ser así en que data?

Que accións vai realizar para garantir que os bancos marisqueiros non se vexan afectados?

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2019 17:46:19
Nº Rexistro: 55601
Data envío: 12/09/2019 17:46:19.803

Luis Bará Torres
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2019 17:41:46

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2019 17:41:53

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2019 17:41:57

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2019 17:42:04

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2019 17:42:11

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2019 17:42:19

CSX_FEXYSTFROCuaM2x.htm9
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/cs/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 40165(10/PNC-003241)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a creación polo Goberno galego dunha liña de axudas destinada a dotar as embarcacións dos medios e tecnoloxías necesarias para mellorar o proceso de evisceración co fin de reducir o risco de contaxio por anisakis, así como a realización dunha campaña de promoción ao respecto

Publicación da iniciativa, 386, 21.11.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

Durante os distintos debates que se levaron a cabo no Parlamento de Galicia en relación co risco de infección por anisakis, unha das cuestións que xurdiron é a posibilidade de realizar investimentos a bordo, que permitan a redución do risco. Estas basicamente se destinan á mellora do eviscerado, evitando o contacto coa carne do peixe e así, evitar o contaxio. Outra posibilidade é a de matar as larvas do parasito, que se atopan nas vísceras, que regresan ao mar.

No programa 723A de Mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura a partida de “Investimentos a bordo” viuse reducida nos últimos anos desde 1.300.000 euros no ano 2017 a 100.000 euros no proxecto de orzamentos do ano 2019. Este programa tivo no ano 2017 unha execución orzamentaria dun 37 %.

Por isto, é necesario coñecer se o Goberno galego está a realizar algún tipo de seguimento en relación coas embarcacións pioneiras, e coñecer como valora a Xunta de Galicia a necesidade de levar a cabo este tipo de investimentos que non hai que esquecer son de carácter preventivo.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a crear unha liña de axudas que permitan a dotación de medios e tecnoloxías necesarias nas embarcacións para a mellora do proceso de evisceración, co fin de reducir o risco de contaxio de anisakis, e realizar unha campaña de promoción do uso destes medios e das liñas de axuda para que sexan coñecidas amplamente por todo o sector implicado.



Pazo do Parlamento, 6 de novembro de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/11/2018 09:30
Nº Rexistro: 40165
Data envío: 12/11/2018 19:12:25.876

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 12/11/2018 19:06:23

Patricia Otero Rodríguez na data 12/11/2018 19:06:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 12/11/2018 19:06:52

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 49352(10/PNC-003996)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e Quinteiro Araújo, Paula

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central da modificación do acordo de pesca entre España en Portugal, co fin de prohibir a actividade das frotas española e portuguesa en augas de ambos os dous países nas fins de semana

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 18:16:05
Nº Rexistro: 49352
Data envío: 23/04/2019 18:16:05.150



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa das súas deputadas **Flora Miranda Pena e Paula Quinteiro Araujo** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 8.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A falta de ratificación do acordo de pesca entre España e a República Portuguesa, permite hoxe actuar para evitar discriminacións para a frota galega; este acordo publicado no Boletín das Cortes o 2018 debe ser modificado para evitar a situación de agravio entre determinados segmentos de frota galega e portuguesa (arrastre), xa que logo o acordo nas súas medidas técnicas recolleitas no Apartado I unicamente prohibe a pesca en fin de semana ás frots do Certo, permitindo que o arrastre portugués poda traballar as fins de semana, provocando unha competencia desleal inaceptable para a nosa frota, que vería como a mercancía portuguesa está a venda en Galicia os luns, cando eles aínda comezan a faenar.

O paro en fin de semana é un avance en termos de conservación dos stocks das especies que se capturan nas costas atlánticas ademais dunha mellora das condicións laborais dos nosos mariñeiros, a súa desaparición provoca unha desvantaxe económica e laboral e provocará como xa o fixo a deslocalización de empresas pesqueiras ao norte de Portugal.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en **Comisión**.

CSM-REXISTRODICE6W6c4
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 18:16:05
Nº Rexistro: 49352
Data envío: 23/04/2019 18:16:05.150



O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para demandar unha modificación do acordo sobre condicións do exercicio da actividade das frotas española e portuguesa nas augas de ambos países entre o Reino de España e a República Portuguesa, de forma que se prohíba a pesca en fin de semana para tódalas artes e modalidades afectadas polo acordo.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araujo

Luís Villares Naveira

Deputadas e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 23/04/2019 18:08:24

Paula Quinteiro Araújo na data 23/04/2019 18:08:35

Luis Villares Naveira na data 23/04/2019 18:08:43



CSX: REXISTRODIOBVM9c4

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 49732(10/PNC-004025)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino

Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 18:06:08
Nº Rexistro: 49732
Data envío: 08/05/2019 18:06:08.462

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

De acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, e en relación cos permisos de marisqueo, lonxe estamos dos 4.281 permisos cos que contaba Galicia no ano 2009, dos cales, os homes eran 394, e mulleres 3.887. Ao rematar o ano 2018 tan só quedaban 3.792 permisos totais, e aínda que os permisos para os homes se triplicaron, foron as mulleres as que sufriron a maior redución de permisos, pasando de 3.887 no ano 2009 a unicamente 2.722 no ano 2018.

Está claro que a política seguida pola Xunta en canto á xestión de permisos non está resultando produtiva, e as grandes prexudicadas desta falta de xestión son as mulleres.

Os plans de formación para os traballadores e traballadoras do mar constitúen un elemento fundamental para o avance e a mellora dun sector prioritario en Galicia pola súa relevancia social e económica. Dentro destes plans, os cursos de formación para a obtención do Permex son unha ferramenta que, máis alá do plano formativo, contribúe a regular e normalizar a profesión, a controlar os procesos e evolución medioambiental e de recursos, mellorar a calidade do traballo e contribuír á dinamización laboral baseada no sector do mar, en concreto ao marisqueiro.

Por iso o desenvolvemento de accións formativas para a obtención do Permex supón unha decisión con forte interese no sector. Como é natural a planificación e convocatoria dos cursos, así como o seu desenvolvemento, é necesario que sexa realizada con claridade e atendendo ás necesidades establecidas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo, nesta lexislatura, un plan de recuperación de permisos de marisqueo, especialmente orientado ao sector feminino.

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2019

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRODKPY7P5M6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 18:06:08
Nº Registro: 49732
Data envío: 08/05/2019 18:06:08.462

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 08/05/2019 17:02:17

Patricia Otero Rodríguez na data 08/05/2019 17:02:32

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/05/2019 17:02:41



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 50677(10/PNC-004089)

Grupo Parlamentario de En Marea

Miranda Pena, Flora María e 2 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez

Publicación da iniciativa, 486, 12.06.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2019 13:34:27
Nº Rexistro: 50677
Data envío: 05/06/2019 13:34:27.140



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa das súas deputadas **Flora Miranda Pena, Paula Quinteiro Araujo e Marcos Cal Ogando**, ao abeiro do disposto no artigo 160 no do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8.^a**

Exposición de motivos

Durante a pasada semana vén de anunciarse que o lugar escollido por Portos de Galicia para depositar os residuos procedentes dun futuro e suposto dragado do río Lérez será o entorno da Illa de Sálvora.

Dende a nosa organización xa temos amosado a nosa posición contraria ao actual proxecto de dragaxe que parece, unicamente, buscar o beneficio dunha entidade vencellada ao turismo náutico sen clarificar as consecuencias medioambientais, ou os supostos beneficios deste dragado para o marisqueo na ría de Pontevedra. Beneficios que nos poñemos en dúbidas co actual proxecto. Pero agora, ademais, este proxecto pretende depositar os lodos que se retiren do Lérez na ría de Arousa, no entorno do Parque Nacional, e sen ningún tipo de estudo que garanta que estes non afectarán á riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa.

Non parece razoable que cando se ten rexeitado a opción de depositar este lodos en Tambo, polo impacto que suporía para o seu entorno e a súa produción marisqueira, a solución sexa depositalos na ría máis produtiva do mundo, e que xa está a sufrir enormes impactos medioambientais derivados do descoido da Xunta de Galicia.

CSM-REXISTROyEsaBñ19
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2019 13:34:27
Nº Rexistro: 50677
Data envío: 05/06/2019 13:34:27.140



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento Galego acorda demandar da Xunta de Galicia a elaboración dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes do dragado do Lérez, de tal forma que se garanta que estes non afectarán a ningunha das rías galegas, nomeadamente a ría de Arousa.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2019.

Asdo.: Flora Miranda Pena

Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas e deputado do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 05/06/2019 13:30:07

CSV: REXISTROqyEsaBh119
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/06/2019 13:34:27
Nº Rexistro: 50677
Data envío: 05/06/2019 13:34:27.140



Paula Quinteiro Araújo na data 05/06/2019 13:30:12

Marcos Cal Ogando na data 05/06/2019 13:30:26

Luis Villares Naveira na data 05/06/2019 13:30:52

CSV, REGISTRO y EsBh119
Verificado
<https://secdt.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.5 55226(10/PNC-004388)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa determinación para o ano 2019 dos topes de captura da anchoa para as zonas VIIIC e IXa

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 55226
Data envío: 05/09/2019 18:45:08.161

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

Exposición de motivos:

Nos últimos anos, a decisión do Consello Europeo para a anchoa recolleu diverxencias substanciais na determinación do TAC para as dúas zonas nas que se divide a súa xestión, isto é, a VIIIc e a IXa.

No ano 2016, determinouse para a anchoa un roll-over no caso do Cantábrico, mentres que no área de Fisterra cara ao sur ditaminouse o aumento nun 10% do nivel de capturas existente.

No ano 2017, determinouse para a anchoa un roll-over na zona do Cantábrico, e no caso da área de Fisterra cara ao sur ditaminouse o aumento nun 7% do nivel de capturas existente.

En canto ao ano 2018, determinouse para a anchoa unha continuidade no TAC de ambas zonas do Cantábrico e Noroeste.

Para este ano, aínda non se ten formulado proposta algunha, de xeito que se deberá atender á proposta posterior. En todo caso, o informe do ICES sobre o TAC de anchoa para a zona IXa sinala que, aplicando o enfoque de precaución, as capturas do compoñente occidental non deben ser máis de 13.308 toneladas e as capturas do compoñente sur non deben ser máis de 3.760 toneladas.

Ademais, as campañas de prospección no Cantábrico finalizaron cuns datos sumamente positivos, cun recrutamento alto e un bo estado da biomasa, o que fai prever unha positividade na recomendación do ICES.

En definitiva, desde o Instituto Español de Oceanografía recoñecen que, nos últimos anos, o sur de Galicia e o norte de Portugal alberga un stock propio de anchoa, xa que a especie vese con abundancia nas augas das Rías Baixas, que forman parte da denominada zona IXa.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-0618101616
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 55226
Data envío: 05/09/2019 18:45:08.161**

De novo, o pasado mes de agosto, a prensa recollía a abundancia de bocarte vista en augas galegas, que o cerco ve de bo agrado para cubrir a falta de sardiña e non ter que amarrar.

Sabemos que a esta frota se lles asegurou un incremento da cota da anchoa si a especie aparecía en abundancia por Galicia, feito que parece ter acontecido, non só polo que manifesta a frota, senón contrastado con datos científicos do IEO.

Por tanto, parece recomendable establecer unha xestión uniforme de dúas zonas cunha pesquería idéntica (arrastre, cerco e enmalle) dirixida sobre o xurelo e cerco no caso da anchoa, de forma que esta disparidade de criterios non afecte á programación da actividade por parte da frota.

Atendendo a criterios biolóxicos, consideramos que non se pode considerar a separación plena de ambos stocks, especialmente nas zonas de confluencia de ambas áreas, polo que deberase entender que a flexibilidade do 5% proposta na pesca entre ambas zonas, por exemplo no caso do xurelo, deberíase ampliar de forma substancial, en torno a un 25% - 40%.

Por todo o anterior, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentan a seguinte proposición para o seu debate en comisión:

- “O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno central que:
- Considere a petición dunha posible separación do stock sur da anchoa na zona IXa
 - Demande a determinación dunha flexibilidade, canto menos do 25% nas zonas de confluencia entre a zona VIIIc e IXa”

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/09/2019 18:42:09

Teresa Egerique Mosquera na data 05/09/2019 18:42:28

María Ángeles García Míguez na data 05/09/2019 18:42:48

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 55226
Data envío: 05/09/2019 18:45:08.161**

Alberto Pazos Couñago na data 05/09/2019 18:43:00

Martín Fernández Prado na data 05/09/2019 18:43:11

Marta Rodríguez Arias na data 05/09/2019 18:43:43

María Soraya Salorio Porral na data 05/09/2019 18:44:02

Daniel Vega Pérez na data 05/09/2019 18:44:23



CSV XESTR00F6HdCm9

Verificar

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.6 55312(10/PNC-004396)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co ditame emitido polo Consello Galego de Pesca en relación coa Proposta de regulamento do Parlamento e do Consello Europeo para o novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca

Publicación da iniciativa, 533, 18.09.2019

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de motivos:

O 12 de xuño de 2018 a Comisión Europea difundía a proposta de novo fondo, que era remitida seis días despois ao Parlamento Europeo e ao Consello.

O novo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca forma parte do marco financeiro plurianual 2021-2027 e contará cun orzamento total de 6.140 M€.

Segundo a propia Comisión, este FEMP posterior a 2020 centrarase en catro prioridades:

- Fomento da pesca sostible e da conservación dos recursos biolóxicos mariños;
- Contribuír á seguridade alimentaria na Unión Europea a través dunha acuicultura e mercados sostibles e competitivos.
- Permitir o crecemento dunha economía azul sostible e fomentar comunidades costeiras prósperas;
- Fortalecemento da gobernanza internacional dos océanos e habilitación de mares seguros, limpos e xestionados de forma sostible.

Neste punto, debemos salientar que, de cara á definición do novo fondo de financiamento pesqueiro, Galicia veu traballando nos últimos meses de forma activa tanto na propia comunidade autónoma coma no marco decisorio europeo, participando en seminarios e conferencias a nivel europeo, reuníndose co director da DG Mare para manifestar as inquedanzas do sector e da propia administración e invitando a Galicia á persoa encargada da elaboración da proposta co fin de que coñecera a realidade do sector pesqueiro galego.

Asemade, tamén se conseguiu aprobar por unanimidade dos 350 membros do Comité das Rexións o ditame elaborado por Galicia e presentado polo propio presidente da Xunta de Galicia, o que tamén deu pé a participar activamente na defensa da nosa proposta entre as rexións que conforman a Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas e o Arco Atlántico, entre outras accións.





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2019 17:08:17
Nº Rexistro: 55312
Data envío: 09/09/2019 17:08:17.601

Galicia avogou por un fondo que sexa acorde e coordinado coa normativa europea, cunha estrutura específica para a pesca, o marisqueo, a acuicultura e a transformación, e orientado a conseguir os obxectivos da Política Común de Pesca.

Tamén fixo fincapé na necesidade dun futuro fondo de financiamento simplificado para facilitar a súa aplicación práctica ás administracións.

Concretamente, as prioridades que Galicia tiveron que ver co relevo xeracional, baseando o apoio dos fondos a cuestións como a formación e mellora da calidade de vida con especial atención á seguridade e comodidade das tripulacións. Así como tamén coa adecuación ao esforzo pesqueiro, a competitividade do sector transformador e a diversificación económica do sector.

Neste momento, e pendente da definición e toma de posesión da nova Comisión e do inicio dos traballos do Parlamento Europeo, esta proposta atópase na agarda de comezar as labores de debate en trílogo que deberán levar a un acordo global entre Comisión, Consello e Parlamento, e que despois deberá ser referendado por cada unha das partes do marco decisorio.

Por todo o anteriormente sinalado e definidas as posturas nos primeiros acordos previos á negociación, o sector marítimo-pesqueiro galego, a través do Pleno do Consello Galego de Pesca, conforme ás súas atribucións dos artigos 25 e 26 do Decreto 123/2011, do 16 de xuño, polo que se regula o Consello Galego de Pesca, presentou un ditame, coas aportacións de Galicia, e este Grupo Parlamentario Popular quere someter a debate o seu apoio por parte de todas as forzas políticas aquí representadas:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a difundir e defender o ditame aprobado no Consello Galego de Pesca en relación coa *“Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca e polo que se derroga o Regulamento (UE) 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello”*, así como facer partícipe del ao Goberno central, para que os seus representantes poidan facer valer os argumentos sinalados polo sector pesqueiro galego”.



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/09/2019 17:08:17
Nº Rexistro: 55312
Data envío: 09/09/2019 17:08:17.601

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 09/09/2019 16:57:01

Teresa Egerique Mosquera na data 09/09/2019 16:57:22

María Ángeles García Míguez na data 09/09/2019 16:57:33

Alberto Pazos Couñago na data 09/09/2019 16:57:44

Martín Fernández Prado na data 09/09/2019 16:58:03

Marta Rodríguez Arias na data 09/09/2019 16:59:13

María Soraya Salorio Porral na data 09/09/2019 16:59:27

Daniel Vega Pérez na data 09/09/2019 17:02:07



CSV: REXISTROA:41f1c34

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.7 55806(10/PNC-004435)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co apresamento polas autoridades irlandesas do barco arrastreiro "Río Mau", con base no porto de Vigo

Publicación da iniciativa, 538, 27.09.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2019 17:34:45
Nº Rexistro: 55806
Data envío: 16/09/2019 17:34:45.907

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa a esclarecer as circunstancias do apreixamento dun arrastreiro “Río Mau” por parte de Irlanda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns día 11 de Setembro foi apresado novamente un pesqueiro galego. Nesta ocasión tocoulle ao arrastreiro “Río Mau”, con base no porto de Vigo. Dito apresamento foi realizada polas autoridades irlandesas, permanecendo retido durante 4 días con toda a tripulación a bordo do porto de Casteltownbere (Irlanda).

O apresamento do “Río Mau” semella un proceder moi dubidoso, xa que neste caso as propias autoridades irlandesas admiten que houbo un erro á hora de estimar as capturas de rape e rapante a bordo.

O certo é que Irlanda ven de apresar por terceira vez un barco de capital galego no que vai dun ano para aquí. Son os casos do palangreiro de Burela “Virxen da Blanca”, ou máis recentemente o tamén palangreiro “Mestre Bobicha” con armador de Ribeira e pavillón portugués. Ao igual que no caso do “Río Mau”, as presuntas infraccións entendemos que non poden ser consideradas como algo grave, polo que resulta excesivamente rigoroso desviar a un barco a porto, rételo e impoñer

CSM-REXISTRO-OF-501/0918
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csw/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2019 17:34:45
Nº Rexistro: 55806
Data envío: 16/09/2019 17:34:45.907

sancións elevadísimas baixo a ameaza de que vai ser resolto a saber cando por un xurado popular, nunha sociedade irlandesa na que aínda perduran prexuízos de antano contra á pesca galega.

Hai que lembrar que estas infraccións son sempre detectadas en “augas xurisdicionais da UE”, polo que Irlanda non ten un dereito exclusivo sobre elas.

Débase tamén sinalar que a flota galega leva realizado un gran esforzo social e económico para adecuarse aos recursos, e se hoxe o Gran Sol ten un bo estado de conservación débese en gran medida a este sacrificio do noso sector. Por iso non é de recibo este acoso ao noso sector pesqueiro.

É preciso que o Goberno español realice de inmediato unha petición de aclaración sobre o acontecido co barco “Río Mau” e tamén que se investigue se estamos ante un feito discriminatorio atendendo a criterios da nacionalidade, ou se pola contra este “modus operandi” das autoridades irlandesas se aplica as outras flotas da UE.

Polas razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que se dirixa ao Goberno español solicitando que realice de inmediato unha petición de aclaración sobre o acontecido co barco “Río Mau” e se investigue se estamos ante un feito discriminatorio atendendo a criterios da nacionalidade, ou se pola contra este





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2019 17:34:45
Nº Rexistro: 55806
Data envío: 16/09/2019 17:34:45.907

“modus operandi” das autoridades irlandesas se aplica as outras flotas de estados da UE.”

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 16/09/2019 17:32:38

Xosé Luis Bará Torres na data 16/09/2019 17:32:46

Ana Pontón Mondelo na data 16/09/2019 17:32:51

CSV REXISTRO BNG901G9i8
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2019 17:34:45
Nº Registro: 55806
Data envío: 16/09/2019 17:34:45.907

Noa Presas Bergantiños na data 16/09/2019 17:33:21

Olalla Rodil Fernández na data 16/09/2019 17:33:31

Xose Luis Rivas Cruz na data 16/09/2019 17:33:42

CSX: FEXJSTRO6F90jCgI6
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 11.10.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.8 56325(10/PNC-004475)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reapertura do Centro de Formación A Aixola, xestionado polo Centro Tecnolóxico do Mar

Publicación da iniciativa, 540, 02.10.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 56325
Data envío: 24/09/2019 19:18:58.411

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión**, relativa á reapertura do Centro de Formación Aixola.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Centro de Formación Aixola é un centro formativo dependente da consellaría de Pesca que iniciou a súa actividade no ano 1997 no Porto de Marín. Desde o ano 2004 a xestión do proxecto está encomendada ao Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR.

Trátase dun centro pioneiro e singular, referente na formación de profesionais do sector naval e pesqueiro, que ofrece formación teórico-práctica encamiñada ao mercado laboral, con cursos de Composites, Madeira, Instalacións, Redes, Plásticos, Pneumáticas ou Velería.

Un dos obxectivos da Aixola é a integración ou reintegración no ámbito laboral. Segundo os datos recollidos na páxina web, o centro presenta uns índices elevados de inserción laboral, que no curso 2015-2016 superou o 80% nas áreas de madeira, composites e redes.

Ademais da inserción laboral, o centro tamén desenvolveu un importante labor relacionado coa construción e reparación de barcos, en colaboración con distintas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2019 09:30:00
Nº Rexistro: 56325
Data envío: 24/09/2019 19:18:58.411

administracións. E a maiores tiña abertas liñas en materia de I+D+I que quedaron paralizadas.

2. Malia os bos resultados do centro, pechou a súa actividade a finais do curso 2016-2017 e leva xa máis de dous anos pechado. Aínda que existen numerosas persoas interesadas en facer os cursos, non se coñece a data de reapertura da escola.

Segundo fontes da Consellaría do Mar, a razón do peche temporal do centro é a reordenación do financiamento, que procedía do Fondo Europeo de Pesca (2007-2013) e que debía ser adaptado aos marcos normativos do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (2014-2020). A verdadeira razón parece estar na falta de entendemento entre a Consellaría do Mar e a de Industria e Emprego, que ten as competencias en materia de formación para o emprego.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a reabrir o centro de formación Aixola con cando menos a mesma oferta formativa ofrecida no curso 2016-2017. Para tal fin, procederá a iniciar o procedemento para a contratación do persoal docente e para a inscrición das persoas interesadas en facer os cursos, co obxectivo de que se reanuden as actividades o antes posible.”

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2019.

Asdo.: **Luis Bará Torres**





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2019 09:30:00
Nº Registro: 56325
Data envío: 24/09/2019 19:18:58.411

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2019 19:12:50

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2019 19:12:56

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2019 19:13:03

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2019 19:13:11

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/09/2019 19:13:28

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2019 19:13:35

CSX: FEXYSTRO4075ZM18
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

